

## Unha breve autobiografía





Anteproxecto de autobiografía  
O peor de escribir literatura é que un acaba converténdose nun escritor e tendo biografía, cando precisamente o que un quere conseguir cando escribe e precisamente borrar e diluír ese individuo e por tanto desescribir unha biografía. É un dobre exercicio de exhibicionismo e ocultamento. Na miña vida literaria hai unha cortina moi mesta de chuvia que marca un antes e despois. Antes dese manto de chuvia a un importáballe a literatura, lela, discutílla, compartílla e escribílla; despois do manto da chuvia chegou a fotografía do escritor, inventouse a palabra "celebridade" e os escritores comezamos a converternos en xente famosa. Hoxe en día estou facendo esforzos para reencontrarme coa literatura e volver sentir que estou dialogando cunha vella amiga e quizais limar e solucionar pequenos malentendidos e despois quizais saian unhas palabras detrás doutras non necesariamente de esquerda a dereita. Xa levo escrito un tanto no entanto non teño a sensación de estar máis preto de ningún sitio en particular.

[http://bvq.udc.es/ficha\\_autor.jsp?id=XosToro&alias=Xel%EDs+de+Toro&solapa=biografia](http://bvq.udc.es/ficha_autor.jsp?id=XosToro&alias=Xel%EDs+de+Toro&solapa=biografia)

<http://www.prazadasletras.org/enaccion/recursos/curso/84/xelis-de-toro>

<http://www.facebook.com/people/Xelis-De-Toro/580652896>



## A crítica dixo...

A pesar de ser bastante menos coñecido que seu irmán Suso, Xelis de Toro é un dos abandeirados dunha nova xeración de escritores galegos bastante prometedores. *Non Hai Misericordia* é unha das súas mellores obras. O libro conta, a grandes trazos, un debate radiofónico sobre a violencia que se apoia nunha serie de cinco relatos curtos (sen título) conectados entre si, que serven de pé para os debates. Existen ademais dous relatos finais que actúan como epílogo, titulados "Ricardo no pub" e "Rosa escoita a radio".

<http://www.dooyoo.es/libros/non-hai-misericordia-xel-s-de-toro/> (tradución)

## 5 suxestións de... novela

*A esmorga* de E. Blanco Amor  
*O lapis do carpinteiro*, de M. Rivas  
*Fundación Libélula* de Y. Shawi  
*Amor cruel* de Reyes Monforte  
*Si esto es un hombre* de Primo Levi

## Cine para ser la voz de quienes

*callan*. Cinco curtas sobre a violencia de xénero. [Ministerio de Igualdad].

*Te doy mis ojos* de Iciar Bollain


*Moolaadé*, de Ousmane Sembene

*Flor del desierto* de Sherry Hormann


*Buda explotó por vergüenza* de Hana Makmalbaf

## suxestións de... cine

... e non perdas:



A película



A BD

## 5 suxestións de...

## Anirmau '11

*Daniel's Journey* de Luis Zamora Pueyo. Daniel, un neno de 13 anos, sempre pensou que seu pai non o quere. De feito, sabe que o seu pai tivo a culpa de que súa nai e súa irmá se fosen da casa e non volveran.

*Heart* de Erik Ho. O filme cuestiona acerca da natureza da nosa esencia, do significado da vida. Este filme captará a atención do espectador sobre a loita e o porqué nos destruímos uns aos outros.

*Prayers for Peace, Dustin Grella*. Animación narrativa sobre o recordo do irmán menor do animador morto no actual conflito con Iraq. Os materiais empregados para esta animación convértese nunha metáfora da transitoriedade da vida.

*To Swallow a Toad, Jurgis Krasons*. Pai, nai e fillo están atrapados na vida da cidade da humillación sen fin. Foron intimidados por violentos compañeiros de clase, por veciños monstruosos e por unha superficialidade lexitimada.

*Lágrimas demasiado tarde* de Pablo Polledri. Co fin de frear a violencia dítanse clases de educación armamentista. A aula dunha escola é o escenario onde se desenvolve esta historia sobre a violencia e a estupidez humanas. Breves recensións tiradas do Catálogo ANIRMAU'11

O noso poder como lectores é universal e universalmente temido [Roberto Manguel]

# A marela tarabela

Nº 13

Outubro-2010

Boletín da Biblioteca do Instituto "Ramón María Aller Ulloa"

## Non hai misericordia

*Non hai misericordia* (1990) de Xelis de Toro é un dos libros máis veteranos no noso itinerario lector.

Trátase dunha novela que, no seu momento, se presentou con trazos innovadores na literatura galega.

Desenvolve diferentes temas que teñen un protagonista común, a **violencia** nas súas diversas maneiras: delincuencia, drogas, alcol, enchufismo, violencia de xénero...

Estruturada en cinco relatos relacionados entre si por medio de personaxes que, sendo protagonistas nun relato, aparecen como secundarios noutros.

Os dous relatos finais actúan a modo de epílogo. Cada relato é comentado por distintas persoas a través dun programa de radio, que dá mostra do estilo e linguaxe radiofónicos.

Ao final, Rosa tenta resolver un encrucillado, mais non dá atopado unha palabra: **misericordia**.



CANDO PENSO QUE TE FUCHES, **NEGRA SOMBRA** QUE ME ASOMBRA, Ó PÉ DOS MEUS CABEZALES VOLTAS **FACENDOME MOFA**

Campaña contra a violencia de xénero histórica

XUNTA DE GALICIA  
VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BIENESTAR  
Secretaría Xeral de Igualdade


## Esta guía



Esta guía non pretende ser unha guía exhaustiva, nin meterse en análises técnicas ou estilísticas. Con ela só queremos facer unha serie de suxestións

(prescindíbeis) para que o texto se converta nun pretexto para a comunicación. Comunicarse cun libro na man ou cos seus ecos na memoria...

Guía de lectura [nº 4]  
Non hai misericordia de Xelis de Toro





## Non hai misericordia: suxestións de lectura

1

[...]

-Estou comezando a fartarme dos teus amigos.

[...]

Os colegas de Víctor pasaban o fodido día metidos no California esperando a que Víctor acabase, despois ían dar voltas por aí, a divertirse como podían cos poucos cartos que aportaba o socio capitalista do grupo, os demais estaban sen curre. [...]

[...]

Víctor era unha copia exacta de seu pai...

[...]

Víctor deulle co cóbado no estómago ao cliente e este recuou...

-Sóltame mal nacido...- dixo o xefe.

-Vas meter este puto traballo de merda no cu, cabrón, había tempo que tiña ganas de facer isto...

[...]

O Severino era un bareto ao que se entraba baixando unhas escaleiras, podías atopar as garimbas máis baratas ca en calquera outro sitio, e isto facía que o público fose unha mestura de tipos que andan a pedir polas rúas con rapaces que están latando o instituto, [...]

Chocaron as birras unhas contra outras e beberon.

**Propostas:** Consideras o traballo non desexado ou mal remunerado como violencia no ámbito laboral? E o paro é un tipo de violencia social? Como percibes a violencia na sociedade?



2

... o señor Lamas dixo que ía mercar un bemeuve, e todos dixeron "non fodas", un coche é un coche, e Gabi dixo que vira o outro día un Audi Rosa, iso si que é un coche. E Mónica dixo "facemos uns carajillos", e marcharon e foron a un bar e tomaron uns "carajillos" e xogaron na de flippers, e bourearon na máquina e o señor Lamas xogaba con eles, e beberon máis e seguían xogando na máquina, e o Sr. Lamas sentía o arrecendo do perfume de Mónica, e xa estaba sentindo os seus peitos na súa man [...]

[...]

... e o señor Lamas inaba, e cuspiu un dente, e Víctor agarrouno polas orellas e foino levando ata o foxo e os demais ían detrás pegándolle patadas nas pernas e no lombo, o señor Lamas facía algo parecido a chorar e dicía algo parecido a "por favor". E Víctor deixouno alí tirado pero antes pegoulle unha patada no estómago, e cuspironlle; e chamáronlle fillo de puta, e Gabi mexou por riba del, e dixeron "imos".

**Propostas:** No relato vemos que a escaseza de recursos económicos se traduce en angustia, ansiedade, violencia verbal, submisión ao xefe e no caso do relato ao marido. Daquela consideras o factor diñeiro como unha das causas da violencia? Ademais como explicas a actitude do Sr. Lamas, do xefe e do marido a respecto de Rosa? Reflictenos a presenza da muller como obxecto de desexo?



3


...  
MERDA NACHO QUERES BAIXAR O VOLUME. NON ME VOLVAS BERRAR. A IDEA DE POÑER O TELEVISOR NA SALA FOI IDEA TÚA. ONDE QUERÍAS POÑELO? NO VÁTER? ESTÁ ONDE TEN QUE ESTAR PERO NON FAI FALLA QUE O POÑAS COMA SE ESTIVÉSEMOS XORDOS. O ÚNICO QUE QUERES É DISCUTIR DESDE QUE ATOPACHES O MORTO ESTÁS MOI NERVIOSA DEIXA DE PENSAR NEL E TRANQUILIZATE. EU NON PENSO NEL ADEMAIS NON ESTABA MORTO. MORTO OU VIVO TI ESTÁS MOI NERVIOSA. EU NON ESTOU NERVIOSA. A CULPA É TÚA, VEÑO DE TRABALLAR E O ÚNICO QUE ATOPO É TODO SEN FACER. SE EDUCARAS AS TÚAS FILLAS NON TERÍAS QUE FACELO TODO TI. E TI QUE CABRÓN, TI NON CONTAS EHHH. NON ME VOLVAS DICIR ISO ROSA, NUNCA MÁIS. MIRA TI, NUNCA MÁIS. UN CABRÓN É INÚTIL QUE SÓ SABE BEBER CERVEXA. PLAFF. TI CRES GRANDÍSIMA PUTA QUE PODO PERMITIR QUE ME INSULTES DIANTE DAS MIÑAS FILLAS [...]

Rosa sentou na mesa e notaba a meixela dereita fervendo e notou como as nenas a miraban caladas e cos ollos a piques de saírenlle as bágoas, a ela tamén lle querían saír, pero ela era unha muller e tiña que saber aguantar as bágoas, cantas máis cousas non ten que aturar unha muller. Unha muller tenlles que ensinar ás fillas como se aguanta a dolor, que unha labazada non é nada en comparanza co que se ten que sufrir. Unha muller tenlles que aprender ás fillas a ser mulleres, para que elas chegado o momento tamén poidan aguantar as bágoas e transmitan esta sabedoría que se aprende de nais a fillas desde tempos inmemoriales. [...]

Rosa pousaba os pratos no fregadoiro cando sentiu detrás a respiración de Nacho, e despois notou as súas mans que a agarraban por detrás e a facían dar a volta, nunca máis me vas insultar diante das miñas fillas porque non sei o que faría, entendes, Rosa?, se queres que nos levemos, unha cousa tes que ter claro: nin o santísimo Deus me chama inútil diante das miñas fillas, entendes Rosa?, nin o santísimo Deus, [...]

[...]. O xefe miraba para Rosa e despois movía os aneis de ouro dos seus dedos. [...], tes medo de min?, [...] e entón o xefe agarrou o brazo dela con forza, [...] Rosa ti es unha muller, sábelo?, [...] desde o día en que entraches a traballar fíxeme nas túas tetas, Rosa. E as súas mans pegáronse nas tetas de Rosa coma dous polbos, [...] por favor non siga, pidollo polo que máis queira. Rosa, sabes que sempre me gustaches, nena déixate de parvadas, sei que necesitas este traballo, hai cen mil esperando, porque non es un pouco agradecida, non creo que sexa tan difícil, non che gusta?, eh, non che gusta?, non é iso ...

**Proposta:** Coidas que Nacho representa o prototipo de individuo inserido nun proceso de feminización do parado? Que influencia pode exercer na familia (na relación de parella e na educación dos fillos)? Que partes do relato che axudan a diferenciar entre violencia social e violencia de xénero?



4

Cando o diaño branco canta, o pobo decide a morte dos gladiadores, ao Cesar non lle daremos nin auga. Cervexa e diversión. Os ratos están pechados nunha rateira pero mentres haxa queixo non serei eu o que protesta. As cancións corrian, non eran pólvora, pero corrian. O tipo de discográfica parecía disfrutar, pero un nunca sabe se polas rapazas que rulaban pola pista ou pola música. Os tipos importantes sempre tiveron bugas do trinque. O pobo en igualdade de oportunidades xoga á primitiva e pensa que en Tenerife hai monos pendurados nas palmeiras. Todos vimos películas de bos e de malos. As mulleres dos bos eran doces e sempre levaban lazos rosas cando ían para a igrexa, e as dos malos tiñan os beizos pintados e miraban de esguello mentres bebían whisky de importación. Eran malignas coma Fu-Manchú. Xerónimo soterraba o tomahawk da guerra ata que volvían poñer a película. Así un vaise facendo músico sabendo que os indios sempre perden. Pero un día os sapos e os lagartos tamén terán bugas do trinque, e así as clases sociais serán difíciles de delimitar.

**Proposta:** A hostilidade da sociedade de mercado contra a amizade, a agresión social sobre un grupo forza a que este á súa vez agrida a un dos seus membros para saír ao mercado (violencia mimética). Podemos tamén cualificar estas actitudes de violencia psicolóxica?

Como explicas a presenza de xerxa de música rock ou heavy?



5

Carlos viu por primeira vez o que significaba a palabra heroína, viuno a través das palabras do perdón que pedía Ernesto. E non sentiu noxo, nin odio, simplemente sentiu medo, por iso chorou. E foron as últimas bágoas que recordaba. Ernesto fora o primeiro, pero despois caeron outros, caeu o propio curmán de Carlos, Ricardo, caeu Ana, por iso Carlos pouco a pouco foise afacendo a soñar só. [...]

[...]

-Carlos, tes que entender... tes que aprender... de nada valen todas as túas ideas... de nada vale que sexas bo, malo ou regular... entendes... non sexas estúpido...

-Entendo.

-Fai vida social... faite amigo dos produtores... fai amigos... conséguelles rapazas... métete no partido que mande en cada momento... fai algo... fai calquera cousa menos pensar en como se poden facer mellores programas de radio.

**Proposta:** Carlos, prototipo de inxenuo, é unha mostra do enchufismo na sociedade. É isto violencia social?

A relación entre delincuencia e drogas é nos presentada como moi estreita. Daquela a droga como escravitude simboliza o triunfo da violencia social?

Coidas que os medios reflicten a violencia?



### A. Ricardo no pub

Sandra estaba de pé no medio dunha charca, parecía nacer dela. Non oín ningunha palabra de despedida cando as súas pernas se foron escorrendo silenciosamente entre a chuvia. Sentín silencio e chuvia, ou chuvia e silencio, non sei por que orde. Pensei que agora que non estaba Sandra, agora que ninguén miraba, era o mellor momento para chorar. O mellor momento.

**Cuestión:** O chorar como terapia ante a violencia que nos rodea. É un mecanismo de defensa ou de derrota?



### B. Rosa escoita a radio

-E tes que poñer a radio, para que non durma eu tampouco, que escoitas? música?

-Non, creo que é un problema sobre a violencia.


-E ti cres que escoitar esas cousas che axuda a dormir?

[...]

... "veña Rosa, agora tes que durmir, que non podes seguir así".

**Cuestión:** A violencia familiar exercida sobre a educación da muller dános pé para cavilar nos diferentes tipos de violencia. Cales?

Ata que punto estamos atrapados pola sociedade consumista? Ata onde chega o poder alienador desta?



CASTELAO: *Cousas da vida* 1. Akal, Madrid